

XXVI CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. I CATEGORÍA. Ed. Primaria (5º e 6º)

Nome: _____ Curso: _____ Sección _____

1. Completa este pasapalabra.



Por A: Estado dos Estados Unidos de América máis grande en superficie.	
Por B: País seco que o día da súa independencia (1966) recibiu unha gran tormenta e por iso a palabra chuvia dá nome á súa moeda.	
Por C: Illa mediterránea que foi sinónimo de morte para soldados prisioneiros franceses (1809-1814).	
Por D: Oráculo máis antigo de Grecia.	
Por E: Mamífero máis grande da sabana africana.	
Por F: Apelido do segundo comandante de infantaría de 43 anos fusilado en 1846 (Mártires de Carral).	
Por G: Provincia andaluza que ten a montaña máis alta da península ibérica.	
Por H: Cidade xaponesa onde lanzaron os americanos unha bomba atómica en 1945.	
Por I: Illa e país situado ao noroeste de Europa cunha poboación pouco maior que a de Vigo.	
Por K: Ruso internado nun gulag que, empero, foi decisivo na carreira espacial como <i>deseñador xefe</i> .	
Por L: Porción de auga rodeada de terra, de menores dimensións e profundidade que un lago.	
Por M: Provincia (xunto con Segovia) onde se atopa o derradeiro Parque Nacional de España (2013).	
Por Ñ: Lugar disposto nunha cidade antiga para acoller ás sepulturas, como unha cidade dos mortos.	
Por O: Masas de auga maiores que os mares e que rodean aos continentes.	
Por P: Sobrenome da talla barroca de Puebla de Sanabria do Cristo Crucificado.	
Contén a Q: Camping onde ocorreu unha traxedia onde morreron máis de 240 persoas en 1978.	
Por R: Bisbarra galega onde se atopa o municipio de Melón.	
Por S: Tratamento que se lle daba aos europeos na época colonia en India.	
Por T: Facción político-militar fundamentalista islámica de Afganistán.	
Por U: Lendakari do Goberno Vasco dende o 2012.	
Por V: Terreo fértil que ocupa o val dun río e que pode inundarse	
Por W: Localidade vallisoletana que debe o seu nome a un rei visigodo.	
Por X: Río principal que abastece de auga ao lago Tiberíades e ao mar Morto	
Por Y (castelá): País bicontinental con bandeira a tramos horizontais vermello, branco e negro.	
Por Z: Xeneral carlista que morreu no sitio de Bilbao en 1835.	

2. Di o nome do deputado en 1931. Foi asasinado en 1936. Na outra imaxe da esquerda: título da escultura, autor e localización en Vigo.



3. Contesta a estas cuestións.

1. Cal é a illa máis occidental das Canarias?	
2. Sobrevivinte do naufraxio do Príncipe de Asturias en 1916 (O Titanic español) que xogou de dianteiro centro no Sevilla.	
3. Que se concentra a millóns sobre a ponte do Ebro en Tudela no verán?	
4. Cal é a capital de Suecia?	
5. Que rei español sucede a Carlos III en 1788?	
6. Que dúas cidades uniu o periplo en 18 etapas que percorreu 17.000 kilómetros o avión <i>López de Legazpi</i> ?	
7. Que cores forman parte da bandeira de Bélxica?	
8. Entre que días un Mass (1,069 litros) de cervexa non podía venderse a máis dun pfennig segundo a Lei da Pureza de Guillermo IV en 1516?	
9. Que continente concentra máis do 90% da produción de caucho do mundo?	
10. En que provincia galega sitúas o cabo de Fisterra?	
11. Que emblema ondea na bandeira que aparece na pintura de O Bosco <i>A nave dos tolos</i> ?	
12. Torre das mesquitas dende onde o almuecín chama á oración aos fieis.	
13. En que hemisferio se atopa Vigo respecto da latitude?	
14. En que hemisferio se atopa Vigo respecto da lonxitude?	
15. En que século estaríamos no ano 532 a. C?	
16. Cantas fanegas representaban as rendas de Villafría do mosteiro de S. Pedro de Cardeña en 1338 cando foi <i>tomar quenta destas</i> D. Joan, abade do mosteiro de Sto. Domingo de Silos?	
17. En que país sitúas Siberia?	
18. En que mar desemboca o río Ebro?	
19. Cova biscaíña onde se atopa o gravado ruprestre co bisonte que ten maior número de marcas de lanza de Europa.	
20. En que ano aconteceu en EE.UU o <i>verán vermello</i> onde centos de afroamericanos foron asasinados por turbamultas de brancos nun episodio de violencia racial.	
21. A que estilo artístico pertencen a igrexa de Castrelos e a de Coruxo?	
22. Que época histórica durou máis tempo: a Prehistoria, a Idade Antiga ou a Idade Media?	
23. Punto máis baixo das terras emerxidas do continente africano.	
24. A que animal se lle dedica o primeiro día do Festival das Luces, Tihar, en Nepal?	
25. Cabo do Rexemento de Melilla que aparece na lista de feridos da Unión Mercantil de Málaga que publica o periódico <i>El Ejército Español</i> do mércores 28 de xullo de 1909.	
26. Que sistema montañoso divide a submeseta sur en dúas partes ou concas?	
27. En que século ocorriron a I e a II guerra mundial?	
28. Antiga fábrica de fariña en Barcelona que recibe o cualificativo de Silicon Walley catalán.	
29. Curso de auga natural que desemboca noutro río que é principal.	
30. Por que político británico lle puxeron aos policías municipais de Londres o nome de bobbies?	

4. Completa a información que falta:

Recentemente faleceu o Padre Evaristo Rivera Vázquez, que foi Rector do Colexio entre 1974 e 1981 e que da nome á aula onde se imparten actualmente as materias de Historia en Bacharelato. Escribiu un libro titulado *Galicia y los Jesuitas*. Que capital (en reais) tiña o Colexio xesuíta de Santiago colocado en xuros (como os modernos títulos de Débeda Pública) en 1767, momento no que abandonan España, segundo a Secretaría de Facenda? _____

En 1916 o Colexio Apóstol establécese en Vigo. Quen morreu antes no tempo nese ano: o poeta Rubén Darío, o monxe Rasputín, o emperador Francisco Xosé I, o escritor Henry James ou o músico español Granados? _____

Algúns anos despois, en 1990, cursaba en 5º EXB grupo B un alumno (non había nenas) que aparece no catálogo na fila de abaixo á esquerda de todo (según miramos a foto). De que alumno se trataba? _____